

# PLAN DIXITAL DE CENTRO

CEE Saladino Cortizo

[Versión 2.0\_ setembro 2023]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro



O CEE Saladino Cortizo (código 36010733) é un centro público dependente da consellería de cultura, educación e universidade situado en Cabral (Rúa do Carballal, 60, 36318), sito no concello de Vigo, provincia Pontevedra. A súa **localización** destaca por estar inmerso nun monte autóctono pertencente ao barrio do Carballal, unha parroquia que brinda un ambiente rural e natural e proximidade ao centro urbán, o que ofrece unha ampla variedade de recursos. Nas proximidades atópanse dúas das infraestruturas máis importantes da cidade, como son o aeroporto (que limita a frecuencia da conexión de internet ao centro pola súa cercanía), e o Instituto Feiral de Vigo, ademais de diversas instalacións industriais.

O centro conta cunha **organización** diferente á dun centro ordinario, e que segundo o Decreto 229/2011 do 7 de decembro debe contemplar unha educación básica obligatoria cunha duración mínima de 10 anos e unha formación profesional adaptada e de transición á vida adulta. Deste xeito, comprende as seguintes etapas educativas, cun total de 121 alumnos/as escolarizados/as:

CICLO	Nº DE AULAS	Nº DE ALUMNOS/AS
PRIMARIA: pasadizo verde (6-12 anos)	2 aula	5 alumnos/as
SECUNDARIA: pasadizo verde (12-16 anos)	7 aulas	30 alumnos/as
TVA: pasadizo laranxa (16-21 anos)	6 aulas	21 alumnos/as
PFFPB: pasadizo azul (16-21 anos)	6 talleres (carpintaría, reprografía, peiteado,	65 alumnos/as

	lavandaría, xardinería A, xardinería B)	
--	---	--

Dadas as características do centro e as necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) do alumnado, contamos cos seguintes **recursos persoais**:

● **Persoal docente:**

- 23 mestres de Pedagogía Terapéutica.
- 5 mestras de Audición e Linguaxe, unha delas itinerante.
- 2 orientadoras.
- 2 especialistas de Educación Física.
- 1 especialista de Música.
- 6 mestres técnicos que imparten os PFFPB.

● **Persoal non docente:**

- 1 conserxe
- Persoal de cociña e comedor.
- Persoal de limpeza.
- Persoal coidador.
- 1 fisioterapeuta.
- 1 enfermeira.

No que se refire á **distribución do centro** organízase en planta baixa, na que atopamos:

- A entrada e zona de conserxería.
- Á esquerda unha dependencia na que se atopa a zona de dirección, orientación, sala de mestres, sala de familias e unha das salas multisensoriais.
- Á dereita a zona de fútbolín e tres pasadizos de cores (verde, laranxa e azul), nos que están distribuídas as aulas e talleres dos distintos ciclos e zonas comúns (ximnasio, salón de actos, sala de fisioterapia, aula multisensorial, aula de música, biblioteca, comedor).
- Zona do patio, unha zona verde exterior con parque infantil, columpio adaptado, parque biosaudable e de calistenia, campo de fútbol, canastras e mesas de madeira

En relación á **contorna familiar**, é procedente de distintas localidades, o que dificulta a súa participación nas actividades do centro. Non obstante, hai unha gran participación na reunión de familias de comezo de curso e nas festas de nadal e fin de curso. A nivel xeral, o nivel socioeconómico é medio-baixo. Tendo isto en conta, debemos destacar que a integración das tecnoloxías da información e a comunicación é unha ferramenta imprescindible para comunicación familia-escola, partindo sempre da súa realidade e ofertando ferramentas dentro das súas posibilidades, tentando favorecer a inserción do alumnado na sociedade dixital a través dun uso crítico e seguro dos medios dixitais.

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Neste marco de actuación, o Plan Dixital adquire especial relevancia para o desenvolvemento do proceso educativo dentro da liña marcada polo Proxecto Educativo e na Programación Xeral Anual, contribuíndo ao desenvolvemento dos diversos plans e proxectos do centro:

- Programas de innovación: PLAMBE, bibliotecas creativas, radio na biblio, lectura e familias.
- Outros programas: Voz Natura (iniciativa levada a cabo por La Voz de Galicia); Faro na Escola (Faro de Vigo) e Educación Responsable (Fundación Botín).
- Plans Proxecta: “MeteoEscolas”, “Nós tamén creamos”.
- Contratos-Programa: Patios Divertidos.
- Plan de Convivencia.
- Plans de Continxencia (por ciclos).
- Plan de Dinamización da Lingua Galega.
- Plan de Formación Permanente do Profesorado.
- Outros proxectos de centro vinculados ás actividades complementarias relacionadas coas conmemoracións escolares: Samaín, Magosto, Día Internacional contra a violencia de Xénero, Día da Declaración dos Dereitos Humanos, Nadal, Día da Paz, Entroido, Semana da prensa, Día da Muller Traballadora, Día do Libro, Semana das Letras Galegas, Día Mundial do Medio Ambiente, Día da Árbore...

Así mesmo, o presente Plan Dixital pretende mellorar a competencia dixital en aspectos que non se tiñan contemplado nas PXA de cursos anteriores, ampliando a oferta de recursos e/ou ferramentas educativas e avaliativas.

Ademais, tamén contribuirá ao desenvolvemento do proxecto de centro, que anualmente ten unha temática común a todos os ciclos, o cal supón un importante fío aglutinador de todos os proxectos que se levan a cabo no centro.

Por último, destacar que este plan potenciará de xeito directo o Plan de dinamización das TIC co obxectivo de impulsar a implementación necesaria e definitiva das novas tecnoloxías na vida cotiá de toda a comunidade educativa como medio de acceso, transmisión e adquisición de información e contidos relacionados co ámbito educativo, favorecendo así aspectos tan importantes como son a comunicación, colaboración e a motivación.

## 1.3. Breve xustificación do mesmo

O plan dixital do centro toma como referencia o seguinte marco lexislativo:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- A Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de educación, recolle no seu prólogo a adopción dun compromiso decidido cos obxectivos educativos plantexados pola Unión Europea e a UNESCO. Entre eles propoñíase a mellora da capacitación dos docentes e garantir o acceso de todos ás tecnoloxías da información e a comunicación.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do

Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021- 2022.

#### 1.4. Proceso de elaboración

A partir das instrucións establecidas na Resolución do 3 de setembro de 2021, o proceso de elaboración do Plan Dixital levado a cabo polo Equipo de Dinamización do Plan Dixital foi o seguinte, tal e como se reflicte na seguinte táboa:

<p><b>Fase de análise</b></p>	<p>A través de 2 instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Informe SELFIE, coas aportacións do equipo directivo, claustro e o alumnado dos PFFPB (nivel primaria)</li> </ul>	<p>Observacións: tardanza en dar información aos centros sobre o procedemento de elaboración do PD por parte da administración, así como na asignación de mentores/as. Non houbo aviso da obrigatoriedade de crear un grupo de traballo asociado ao PD.</p>
<p><b>Fase de diagnose</b></p>	<p>A través do informe DAFO, detectando as debilidades e fortalezas (a nivel interno), e as ameazas e oportunidades (a nivel externo), elaborado polo equipo de dinamización do PD e o grupo de traballo do PD</p>	<p>Observacións: retraso na primeira formación sobre cómo facer o informe DAFO e tempo xusto para a súa elaboración. Falta de información das funcións e organización do grupo de traballo do PD por parte do CEFORE.</p>
<p><b>Fase de elaboración</b></p>	<p>Que constou de 2 partes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Deseño do plan de acción, por parte do grupo de traballo asociado ao PD</li> <li>- Elaboración do PD propiamente dito, por parte do equipo de dinamización do PD e o grupo de traballo do PD</li> </ul>	<p>Observacións: reelaboración realizada a partir das valoracións e propostas de mellora feitas o curso anterior.</p>

Taboa 1. Proceso de elaboración do PD e dificultades atopadas no apartado “observacións”.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

A situación no centro neste ámbito é a seguinte:

- **Conectividade:** contamos cunha infraestrutura dixital de rede por cable con repetidores ao longo de cada corredor.
- **Equipamento dispoñible\*:** pódese observar na táboa 2.
- **Servizos corporativos:** contamos con páxina web (Drupal) e aula virtual (Moodle), correo corporativo “@edu.xunta.gal” e agueiro.
- **Servizos non corporativos:** instagram, facebook, youtube, servizos de comunicación como telegram, contas google do centro por de cada ciclo, por equipos e do equipo directivo.
- **Xestión do mantemento dos equipos:** as incidencias deben ser recollidas nunha “libreta de incidencias” e son solventadas a través dunha empresa de xestión e asesoramento chamada Dismega, que acude unha vez á semana, supervisado polo equipo directivo en colaboración co/a coordinador/a TIC.
- **Enlaces e protocolos do centro relacionados coas tic:** non contamos con protocolo de préstamo de recursos dixitais, só se facilitan os préstamos ás familias previa solicitude. Con motivo do covid, elaboráronse plans de continxencia por ciclos.

AULA	ORDENADOR	PORTÁTIL	TABLET	PDI	PROXECTOR	OUTROS
BIBLIOTECA	7	-	-	1	1	6 MICROS 4 CASCOS (headphones) de calidad estudio 1 AMPLIFICADOR DE CASCOS BEHRINGER 1 PARELLA DE MONITORES DE AUDIO 1 MESA DE MEZCLAS BEHRINGER XENYX X1222USB 1 MICRO INALÁMBRICO 2 TECLADOS ADAPTADOS ESCORNABOTS IMPRESORA 3D
BRINCADEIRO 1º/2º	-	1	-	1	1	ALTAVOZ.....
1º A	1	-	2	-	-	PULSADOR
1º B	1	-	1	-	-	1 ORDENADOR DUNHA ALUMNA
2ºA	1	-	2	1	1	
2ºB	1	1	-	-	-	
2ºC	1	-	3	-	-	
2ºD	1	1- PRESTADO 2ºG	1	-	-	
2ºE	1	-	1	-	-	1 RATO ADAPTADO



2ºF	1	-	1	-	-	
2ºG	0	1- PORTATIL CLASE 2ºD	-	-	-	
AL PRIMARIA	1	-	-	1	1	1 RATO ADAPTADO
AL SECUNDIA	1	1	3	-	-	
DIRECCIÓN	3	-	-	-	-	IMPRESORA
SALA PROFES	5	-	-	-	-	
ORIENTACIÓN	2	-	-	-	-	
AULA TIC SECUNDARIA/TVA	-	10	-	1	1	2 TECLADOS ADAPTADOS 2 RATOS ADAPTADOS 2 MICROS 2 CÁMARAS 1 CASCO 5 RATOS INALÁMBRICOS REPOSTO 2 RATOS CON CABLE REPOSTO 1 PULSADOR 1 CARGADOR UNIVERSAL PORTÁTIL
AL TVA	1	-	1	-	-	2 CONMUTADORES 4 PULSADORES GRABABLES RECEPTOR SIMPLEWORKS 1 SISTEMA DE ALTAVOZ
TVA A	1	-	2	-	1	PANTALLA CASCO ALUMNO ALEXA
TVA B	1	-	1	-	-	PULSADOR BIBLIO CASCO ALUMNO

VISUALES TVA	-	1	-	1	1	
O. COCINA	-	-	-	-	-	CAJA DE CONEXIONES CONMUTADOR
TVA C	1	-	2	1	1	TECLADO ADAPTADO
TVA D	1	1	4	-	-	IMPRESORA
TVA E	1	-	2	-	-	TECLADO ADAPTADO CASCO ALUMNO LED LIGHT PAD
TVA F	1	1	3	-	-	IMPRESORA
TEATRO	-	1	-	-	-	
AULA MUSICA	1	-	-	1	1	1 SISTEMA DE ALTAVOCES 1 COLUMNA DE SONIDO 1 IMPRESORA MULTIFUNCIÓN 1 CADENA DE SONIDO
PREFP	1	-	6	-	-	
XARDINERIA A	-	-	-	-	-	
XARDINERIA B	-	-	-	-	-	
LAVANDARÍA	-	1	9	-	-	
PERRUQUERÍA	-	1	9	-	1	1 TV SAIVOD CI 924 1 LECTOR DVD IJOY IVISIÓN 1600
REPROGRAFIA	10	-	1	-	1	PANTALLA IMPRESORA SAWGRASS (SUBLIMACIÓN) PLOTTER CORTE GCC JAGUAR IV

CARPINTARIA	-	1	6	-	1	IMPRESORA
AL FPB	1	-	-	-	-	
AULA BASICA 1	1	-	-	-	-	PANTALLA
AULA BÁSICA 2	-	1	-	-	1	PANTALLA DO PROXECTOR
AULA TIC FPB	-	10	-	1	1	IMPRESORA
ENFERMERÍA	-	1	-	-	-	
<b>TOTAL</b>	<b>48</b>	<b>33</b>	<b>60</b>	<b>9</b>	<b>14</b>	

*\*Nota: do equipamento dispoñible, as dotacións da consellería existentes no centro son 4 portátiles situados na aula TIC, as PDI, 9 proxectores e algúns dos ordenadores; son dotacións propias do centro o resto dos portátiles, case a totalidade dos ordenadores de cada ciclo, 3 dos proxectores e as tablets.*

Táboa 2. Inventario do centro

ESTADO DOS ORDENADORES E PDI DO CENTRO	
	Máis de 10 anos e mal funcionamento
	Máis de 10 anos e funcionamento regular
	Novas adquisición e bo funcionamento

Táboa 3. Lenda de cores do estado dos ordenadores e PDI do centro

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para elaborar a análise DAFO realizouse unha análise cuantitativa baseada nos resultados numéricos derivados do informe extraído do test SELFIE. Observando o resumo das áreas, os distintos sectores da comunidade educativa que participaron no test obtiveron os resultados que se reflicten na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	2.6
	Profesorado	2.9
	Alumnado	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2.8
	Profesorado	2.6
	Alumnado	3.3
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.5
	Profesorado	3.1
	Alumnado	3.5
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	2.8
	Profesorado	3.1
	Alumnado	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.3
	Profesorado	3.6
	Alumnado	-
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2.8
	Profesorado	2.9
	Alumnado	3.5
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.3
	Profesorado	2.3
	Alumnado	-
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2.9
	Profesorado	2.8
	Alumnado	3.7

Táboa 4. Puntuación obtida por cada sector da comunidade educativa nas diversas áreas SELFIE.

Tamén se tivo en conta a análise dos resultados obtidos no informe xeral de centro extraído do Test CDD, pudiendo observar os índices de participación e o nivel acadado nas seguintes táboas:

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	14	21	66,7%
<b>PROVISIONAL</b>	13	13	100%
<b>INTERINO</b>	2	3	66,7%
<b>SUBSTITUTO</b>	0	4	0%
<b>DESPRAZADO</b>	-	-	-

Táboa 5. Participación no Test CDD segundo o perfil do profesorado.

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
71	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

Táboa 6. Datos do Test CDD sobre a puntuación e nivel de competencia do centro.

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>E S O</b>	-	-	-	-
<b>B A C</b>	-	-	-	-
<b>F · P</b>	-	-	-	-

Táboa 7. Datos do Test CDD sobre puntuación e nivel de competencia por etapas.

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>	-	-
<b>A2</b>	11	37,9%
<b>B1</b>	14	48,3%
<b>B2</b>	4	13,8%
<b>C1</b>	-	-
<b>C2</b>	-	-
<b>TOTAL</b>	29	100%

Táboa 8. Datos do Test CDD sobre a distribución do profesorado por niveis

### 2.3. Análise DAFO

Tras analizar de novo o DAFO consideramos que las líneas actuales de acción serán as seguintes... A partir do informe SELFIE e o Test CDD, así como da propia observación e experiencia en relación ás necesidades do centro (a pesar de obter boas puntuacións no informe SELFIE), o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da súa realidade no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver. Deste xeito, clasificáronse os aspectos internos dos diferentes ítems como fortalezas ou debilidades, e os externos como oportunidades e ameazas.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
C A T E G O R Í A S	INFRAESTRUTURAS - EQUIPAMENTO	C10 Dispositivos para o alumnado C14 Espazos físicos C15 Tecnoloxías asistenciais	C7 Protección de datos C11 Medidas para identificar retos C12 Apoio para abordar retos C16 Biblioteca/ repositorios en liña
	PERSOAL DOCENTE	B2 Debate sobre o uso da tecnoloxía D2 Participación no DPC E1 Recursos educativos en liña F1 Adaptación ás necesidades do alumnado F4 Implicación do alumnado	D3 Intercambio de experiencias E3 Emprego de contornas virtuais de aprendizaxe E2 Creación de recursos dixitais F4 Implicación do alumnado F5 Colaboración do alumnado G5 Autorreflexión sobre a aprendizaxe G7 Avaliación dixital G9 Emprego de datos para mellorar a aprendizaxe
	PERSOAL NON DOCENTE	E4 Comunicación coa comunidade educativa	
	ALUMNADO	F1 Adaptación ás necesidades do alumnado H10 Habilidades dixitais para diferentes materias	H1 Comportamento seguro H3 Comportamento responsable H5 Verificar a calidade da información H9 Creación de contidos dixitais
	FAMILIAS	E4 Comunicación coa comunidade educativa	Outras áreas: escasa competencia dixital
	OFERTA	E5 Recursos educativos abertos	F6 Proxectos interdisciplinares
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	A3 Novas modalidades de ensinanza G1 Avaliación das capacidades G8 Documentación da aprendizaxe	A1 Estratexia dixital A2 Desenvolvemento da extratexia co profesorado B4 Sinerxias para a aprendizaxe mixta G3 Retroalimentación adecuada G11 Avaliación das capacidades desenvolvidas fóra do centro H12 Habilidades dixitais para diferentes materias

Táboa 9. Aspectos internos: fortalezas e ameazas.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
C A T E G O R Í A S	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	D2 Participación no DPC	
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA		C3 Acceso a internet
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	C5 Asistencia técnica	

Táboa 10. Aspectos externos: oportunidades e ameazas.

### 3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción ten en conta os recursos materiais e humanos dispoñibles no momento de elaboración do presente Plan Dixital.

O Plan de Acción que se expón a continuación nas táboas supón unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles na actualidade tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A partir do resultado DAFO o Equipo de Dinamización do Plan Dixital priorizou as necesidades detectadas nas diversas áreas do marco europeo para organizacións educativas dixitalmente competentes (en adiante Dig CompOrg) e diagnosticou os diversos ítems a mellorar:

Nº	ÍTEMS	ÁREAS
1º	F5. Colaboración do alumnado	Pedagogía: implementación na aula
2º	D2. Participación en el DPC	Desenvolvemento profesional continuo
3º	G1. Avaliación das capacidades	Prácticas de avaliación

4º	E2. Creación de recursos dixitais E3. Emprego de contornas virtuais de aprendizaxe	Pedagogía: apoios e recursos
5º	H1. Comportamento seguro H3. Comportamento responsable H5. Verificar a calidade da información	Competencia dixital do alumnado
6º	C14. Espazos físicos C16. Biblioteca/repositorios en liña	Infraestrutura e equipamento
7º	Favorecer a competencia dixital das familias	Outras áreas

Táboa 11. Área e ítems do informe SELFIE prioritarios.

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

CATEGORÍA	RECURSO E CANTIDADE	XUSTIFICACIÓN	FINALIDADE	OBX.
Equipamento	Aula dixitalizada: 11 pantallas táctis interactivas	Contamos con 8 PDI do ano 2010: - 4: unha por ciclo - 4: zonas comúns	Emprego de recursos dixitais dentro na aula por ciclos e en zonas comúns, especialmente para o alumnado que presenta dificultades motrices que lles limita o uso de dispositivos máis pequenos (teclados, portátiles, tablets...)	1,2,3, 4,5,7
	Equipos para uso na sala de profesores: 5 pantallas, 5 CPU, 5 teclados, 5 ratos, 5 alfombrillas ergonómicas de rato	Contamos con 5 ordenadores do ano entre 2005 e 2010 con memoria e capacidade insuficiente	Creación de contidos e recursos, reunións online, acceso a contas corporativas...	1,2,3, 7
	Aula informática: 5 CPU, 5 pantallas, 5 teclados, 5 ratos, 5 alfombrillas ergonómicas de rato, 5 cámaras de fotografía e vídeo con trípodes e estabilización de imaxe	Contamos con 9 portátiles, 4 deles convertibles. Polas características dalgúns alumnos/as hai risco de accidentes que poidan prexudicar o estado dos portátiles pola súa fragilidade e non poden usalos, precisamos CPU	Creación de contidos, gravación e elaboración de vídeos para a páxina web, busca de información, traballos específicos dos obradoiros de TIC	2,3



		<p>pola súa resistencia. Así mesmo tamén serán máis adecuados para alumnado con dificultades de visión ou motrices (as pantallas e teclados dos portátiles son moi pequenas). Non contamos con cámaras do centro para gravar os vídeos para a páxina web</p>		
	<p>Mellora do equipamento tecnolóxico nas aulas: 10 CPU, 10 pantallas, 10 teclados, 10 ratos</p>	<p>Hai 5 aulas que contan con CPU integrada do ano 2005 con memoria e capacidade insuficiente e outras 5 que só contan con portátiles</p>	<p>Busca de información, visualización de vídeos, creación de contidos, actividades para reforzar contidos curriculares...</p>	<p>2,3,7</p>
	<p>Mellora do equipamento tecnolóxico nas aulas: 5 PDI, 5 sistemas de altofalante, 5 ordenadores, 1 fotocopiadora ACor con impresión de soportes SRA3+ de alta gramaxe</p>	<p>Os talleres dos PFFPB non contan con ningunha PDI. A fotocopiadora do programa formativo de reprografía conta cunha fotocopiadora moi antiga, con mal funcionamento e 5 dos seus ordenadores contan con memoria insuficiente para realizar traballos con programas de deseño e que permiten alcanzar as competencias do módulo</p>	<p>Demostración de explicacións con vídeos para o alumnado</p>	<p>2</p>

	Recursos adaptados para o alumnado con NEAE: 5 teclados adaptados, 5 ratos con entradas, 5 conmutadores e 5 ratos con conexión a bluetooth	Só contamos con teclados adaptados na biblioteca	Cada vez máis temos alumnado con dificultades motrices que requiren de recursos específicos para acceder aos dispositivos do centro e participar cos seus compañeiros/as	1,2,3
Servizos dixitais educativos	Corporativos	Empregamos ferramentas colaborativas non corporativas	Precisamos plataformas de traballo colaborativo tipo Agueiro	7
	Non corporativos	Non contamos con ningún medio de mensaxería adaptado ás familias	Sería de grande utilidade algún medio instantáneo de comunicación	4

Táboa 12. Necesidades de infraestrutura, equipamento e servizos dixitais do centro e contribución dos recursos solicitados aos obxectivos do plan de acción.

"Área/s de mellora": E3, D2						
<b>OBXECTIVO 1:</b>	Fomentar o uso da aula virtual como ferramenta didáctica e de almacenamento de recursos por parte do profesorado e como medio para a mellora da competencia dixital do alumnado				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinador/a TIC e de PD				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Nº de recursos creados e subidos					
<b>Valor de partida</b>	0 recursos subidos á comezo de curso					
<b>Valor previsto e data</b>	Mínimo 1 recurso subido á finais de curso			30/06/2024		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN		ESTADO
AO1.1: Formación do profesorado en liña ou presencial, solicitada a través do CFR	Coordinador/a PFPP Coordinador/a TIC	30/05/2024	CFR PFPP Dispositivos (ordenadores, PDI, proxector...), e internet Aula virtual	Non houbo suficiente demanda da formación por parte do profesorado para facer a solicitude	Realizada	
					Aprazada	X
					Pendente	
AO1.2: Actualización da aula virtual, realizando as modificacións que sexan oportunas, para facela máis accesible e funcional	Equipo TIC Equipo docente	30/05/2024	Internet Ordenadores Cursos da aula virtual Recursos dixitais Profesorado implicado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Uso da aula virtual como recurso para o profesorado e o alumnado no contorno de aula e nos obradoiros TIC do centro	Coordinador/a TIC Equipo docente e non docente	21/06/2024	Internet Ordenadores Aula virtual Contidos dixitais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: F5, E2, G1, D2							
<b>OBXECTIVO 2:</b>	Empregar ferramentas para a creación de documentación de centro, recursos interactivos e imprimibles que apoien a xestión e organización do centro, o proceso de ensinanza aprendizaxe e o proceso de avaliación					Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinador/a TIC e de PD					Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Nº de ferramentas de creación empregadas						
<b>Valor de partida</b>	1 ferramenta empregada nos anteriores cursos						
<b>Valor previsto e data</b>	3 ferramentas				30/06/2024		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
AO2.1: Formación do profesorado a través de fProfe ou a través do PFPP, solicitada ao CFR	Coordindor/a do PFPP Coordinador/a TIC	30/05/2024	CFR Grupo de Traballo Dispositivos dixitais Plataformas de creación de recursos		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO2.2: Selección de plataformas dixitais e creación e organización de contas de centro para que o profesorado poida crear os recursos	Coordinador/a TIC e de PD Equipo docente	30/05/2024	Equipo docente Plataformas de creación de recursos Banco de recursos		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO2.3: Elaborar e compartir bancos de recursos adaptados ás necesidades do centro e o alumnado, para empregarlos entre os docentes e nas aulas e obradoiros a partir das actividades	Coordinador/a TIC e de PD Equipo docente	21/06/2024	Ordenadores PDI Proxector Tablet Plataformas Recursos interactivos e		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

plantexadas			imprimibles Documento informativo sobre o uso das plataformas		
-------------	--	--	--	--	--

**“Área/s de mellora”: H1, H3, H5, OUTRAS ÁREAS**

<b>OBXECTIVO 3:</b>	Ofertar ás familias e ao alumnado talleres, guías e/ou información para promover o uso seguro e responsable da rede e as RRSS na vida diaria	Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinador/a TIC	Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Nº de talleres, guías e/ou información ofertada		
<b>Valor de partida</b>	0 talleres, guías e /ou información ofertada		
<b>Valor previsto e data</b>	1 taller, guía e/ou información ofertada	30/06/2024	

**ACCIÓNS A DESENVOLVER**

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Organización do taller e os contidos a abordar por ciclos segundo as necesidades detectadas	Coordinadores/as equipo dinamización do PD e biblioteca	21/12/2023	Obradoiro Programación Relator/a		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Difusión a través da páxina web e RRSS do centro e información ás familias a través de follos informativas nas que compartan o seu interese en participar	Equipo directivo Coordinador/a TIC	22/03/2024	Nota informativa Plataformas de difusión		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Elaboración de guías de apoio ás familias cos consellos e aspectos a ter en conta	Coordinador/a dinamización do PD Equipo docente	12/04/2024	Guía informativa		Realizada	

abordados					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": C14, F5							
<b>OBXECTIVO 4:</b>	Reestruturar os espazos das aulas TIC e adquirir ou actualizar e renovar os recursos da mesma para facelas máis accesibles e flexibles, ofertando maior variedade de actividades adaptadas ás características e necesidades do alumnado				Acadado		
<b>RESPONSABLE:</b>	Directora				Non acadado		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Nº de aulas reestruturadas						
<b>Valor de partida</b>	0 aulas reestruturadas						
<b>Valor previsto e data</b>	2 aulas reestruturadas			30/06/2023			
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO4.1: Participar en formacións, programas e iniciativas que nos permitan fomentar a competencia dixital no centro, como son as dos Polos Creativos a través do PFPP	Equipo directivo Equipo de dinamización do PD	30/05/2023	CFR Grupo de Trabajo Dispositivos dixitais			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO4.2: Organizar espazos e rincóns de traballo diversificados e de almacenamento de recursos, facendo un rexistro dos mesmos	Equipo Directivo Equipo TIC	30/05/2024	Aulas TIC do centro Inventario de recursos dixitais necesarios Enquisa de recollida de opinións Recursos dixitais e STEAM Recursos dos Polos Creativos			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO4.3: Desenvolver propostas e	Equipo TIC e de PD	21/06/2024	Programación de actividades			Realizada	

experiencias nas que se promova o uso de ferramentas e recursos adquiridos no centro e os aportados polos Polos Creativos, fomentando a competencia dixital do alumnado	Equipo docente		Recursos dixitaise STEAM Recursos dos Polos Creativos		Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": E3, C16						
<b>OBXECTIVO 5:</b>	Implementar a plataforma corporativa Agueiro como ferramenta colaborativa e de xestión a través da subida de documentos e bancos de recursos por parte dos docentes				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Xefe de estudos				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Nº de recursos compartidos por docente					
<b>Valor de partida</b>	0 recursos compartidos á comezo de curso					
<b>Valor previsto e data</b>	3 recursos subidos por docente			30/06/2024		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO5.1: Informar ao profesorado da existencia da ferramenta no claustro	Equipo directivo Coordinador/a TIC	30/09/2023	Convocatoria e acta da reunión		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: Busca de información e formación sobre o funcionamento e posibilidades de uso da ferramenta	Equipo TIC	21/12/2023	Guía de uso básico Agueiro		Realizada	
					Aprazada	

					<b>Pendente</b>	
AO5.3: Subir bancos de recursos, información pertinente que considere cada docente e compartilos co resto do equipo docente	Equipo TIC Equipo docente	30/06/2024	Internet Ordenadores Aguero Documentos e/ou recursos		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
					<b>Pendente</b>	



#### 4. Avaliación do plan

A través do PDC propoñemos unha serie de obxectivos que haberá que acadar nun tempo determinado durante o curso 2023/24.

A avaliación **dos obxectivos propostos**, farémolo do seguinte xeito e despois engadiremos as conclusións neste documento:

1. **Faremos unha táboa de avaliación no que se inclúa cada obxectivo proposto.** No noso caso, cinco obxectivos.
2. **Esta táboa serve para avaliar todos os obxectivos propostos nesa liña estratéxica.** Na táboa engadiremos o obxectivo e as accións relacionadas co mesmo e cos indicadores de logro según os seguintes niveis de consecución: **Acadado, aprazado ou pendente.**
3. **Finalmente, iniciaremos o proceso de reflexión e poremos por escrito aquelas melloras que nos gustaría propoñer para os obxectivos que o requiran, do seguinte xeito:**
  1. Que valoración global fai o profesorado da súa aplicación na aula? E o equipo directivo e os membros do equipo do plan dixital?
  2. Manterase o obxectivo?
  3. Coa súa implantación, convertéronse en novos obxectivos específicos ou derivados da mesma?
  4. É necesario engadir actuacións? Quitar? Modificar os existentes?
  5. É necesario concretar con máis detalle aspectos relativos aos responsables, temporalización ou avaliación?
  6. Tendo en conta o obxectivo proposto, parécenos oportuno presentar outros novos que completen e melloren a experiencia deste primeiro?

Avaliarase tanto o proceso, como a consecución do obxectivo ao final do propio proceso. Polo tanto estableceranse dous tipos de avaliación:

- **Avaliación procesual:**

Realizarase **ao final de cada trimestre** e incluírán o estado da execución das accións, a análise e a valoración dos resultados. De ser o caso, tamén as posibles modificacións das accións (e os motivos) e as propostas de mellora:

AVALIACIÓN PROCESUAL						
ACCIÓNS	AE	AM	ASE	NA	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
1º trimestre						
AO 3.1						
AO 4.1						
AO 5.1						
AO 5.2						
2º trimestre						
AO 3.2						
AO 3.3						

3º trimestre						
AO 1.1						
AO 1.2						
AO 1.3						
AO 2.1						
AO 2.2						
AO 2.3						
AO 4.2						
AO 4.3						
AO 5.3						

Táboa 13. Rúbrica de Escala de Likert con 4 niveis

Nota: AE (Acadado con éxito); AM (Acadado con Modificacións); ASE (Acadado Sen Éxito); NA (Non Acadado)

**- Avaliación final:**

Realizarase a final de curso e incluíra a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora:

AVALIACIÓN FINAL				
VALOR PREVISTO	Realizada	Aprazada	Pendente	PROPOSTAS DE MELLORA
Obxectivo 1				
Obxectivo 2				
Obxectivo 3				
Obxectivo 4				
Obxectivo 5				

Táboa 14. Rúbrica tricotómica para a avaliación final segundo o valor previsto para cada acción.

**5. Difusión do plan**

Neste ámbito será necesario definir os protocolos ou estratexias que serán necesarios para organizar as revisións do plan e aplicar as actualizacións oportunas, así como publicitar e difundir o plan dixital entre a comunidade educativa.

ublicitar e difundir o plan dixital entre a comunidade educativa.

PROTOCOLOS OU ESTRATEXIAS PARA A DIFUSIÓN DO PLAN DIXITAL			
Acción	Destinatarios	Canle	Responsable
Difusión do Plan ao Claustro	Claustro de profesorado	Na primeira reunión de claustro informar ao equipo docente	Coordinador/a TIC
Difusión á Comunidade Educativa*	Comunidade Educativa	Inclusión do Plan Dixital na PXA e difusión do mesmo na web do centro	Equipo directivo
		Visualización a través da Plataforma EduCalidade	Coordinador/a TIC
Difusión ás familias	Familias	Na reunión xeral de familias a comezo de curso informárase do proxecto e as accións nas que estarán implicadas	Equipo directivo

*Nota\*: daráselle publicidade e difusión entre toda a comunidade educativa por medio da súa publicación na páxina web do centro dentro do bloque "O centro" no elemento do menú "Documentos de centro". Así mesmo, o PD poderase visualizar a través da plataforma EduCalidade no apartado "Plans dos centros" sen necesidade de conectarse, na seguinte ligazón*

<https://www.edu.xunta.gal/educalidade/BuscaPlanAction?codPlan=1&codConvocatoria=132&codCentro=36010733> .

Táboa 15. Protocolo de difusión do plan dixital